



PROGRAMA DE NATACIÓN ESCOLAR 2024-2025

Desde a Concellería de Deportes do Concello da Coruña queremosvos informar do inicio do Programa de Natación Escolar nos centros educativos públicos.

As **preinscricións** para participar na actividade realizaranse **en cada centro escolar, do 19 ao 26 de setembro**, ata o número de prazas máximo indicado nas condicións da oferta para cada centro escolar.

O día 27 de setembro cada centro deberalle remitir a listaxe de persoas preinscritas ao Servizo Municipal de Deportes, a través do enderezo electrónico:
programasdeportivos@coruna.gal

O alumnado preinscrito na actividade formalizará a inscrición **do 30 de setembro ao 04 de outubro**, nas oficinas dos centros deportivos correspondentes, CD Riazor, CPM San Diego ou Club do Mar de Santo Amaro, nun único pagamento de **55,07 €**. Este pago inclúe o desenvolvemento da actividade de natación, o traslado dende o centro e unha cobertura sanitaria.

O Servizo Municipal de Deportes tentará manter o horario indicado, aínda que poderá haber modificacións segundo as variacións que se poidan producir na matriculación do alumnado.

Para o **transporte**, tomarase o centro educativo como referencia para a recollida e entrega dos/das escolares ás familias. O centro garantirá a presenza dunha persoa adulta que será a responsable do alumnado durante o tempo que permaneza na parada.

Cada ANPA **nomeará un/unha responsable para realizar a campaña de natación escolar** que disporá dun teléfono de contacto para posibles incidencias.

As datas de desenvolvemento da devandita campaña abranguerán, seguindo o calendario escolar, **do 14 de outubro ata o 30 de maio**.

Achégase a información para súa distribución aos centros, as ANPA e as familias.

Para calquera aclaración sobre a actividade, pódense dirixir ao Servizo Municipal de Deportes, a través do teléfono 981 189 800 Ext.:25030

Recibide un cordial saúdo.


Manuel José Vázquez Martínez
Concelleiro de Deportes
A Coruña, 16 de setembro de 2024